


**PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA EDUCACIÓN INFANTIL**

**SEMANA: 30 MARZO A 10 ABRIL**

**CPI PLURILUNGÜE ANTONIO ORZA COUTO**

INTRODUCIÓN ..... 3

SEMANA 30 marzo-3 abril ..... 5

SEMANA 6 ao 10 abril ..... 8

ACTIVIDADES LETRAS ..... 10

ACTIVIDADE PLÁSTICA ..... 15

NÚMEROS E CANTIDADES ..... 17

REPASAR GRAFÍAS DE LETRAS ..... 22

PROPOSTAS MUSICAIS ..... 34

RECURSOS NA REDE ..... 36

INTRODUCIÓN

Estimadas familias:

Agardamos que todos e todas esteades ben. Neste documento enviamos una táboa cunha proposta, sempre voluntaria e flexible, de tarefas a realizar nas dúas próximas semanas. Estruturámola en catro grandes apartados: calendario, lectoescritura, lóxica-matemática e conto diario. Propoñemos realizar diariamente as tarefas do calendario e do conto diario e, de xeito alternativo (un día si e outro non) as tarefas de lectoescritura e lóxica-matemática.

A táboa do 6 ao 10 de abril correspóndese co período de vacacións de Semana Santa polo que recordámoslles que son **propostas voluntarias para quen queira ter recursos a man**. Non teñen carácter obrigatorio.

Incluímos tamén un apartado de repaso de grafías de letras, propostas de música e recursos na rede.

Recordade que son propostas e suxerencias e, como tal, son totalmente opcionais e flexibles podendo axustarse a cada neno/a, a diferentes tempos e susceptibles dos cambios que estimedes oportunos.

Por outra parte, proporcionámosvos as direccións de correo electrónico de cada titora para poder resolvervos dun xeito máis individualizado as dúbidas que poidan xurdir durante este tempo no que a actividade nos centros está interrompida:

4º Educación Infantil: veronica.boo@edu.xunta.es

5º Educación Infantil: floradelariva@edu.xunta.es

6º Educación Infantil: josefinarey@edu.xunta.es

Recibide un saúdo e todo o ánimo posible para superar esta situación.

| SEMANA 30 marzo-3 abril | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| **CALENDARIO (Para realizar todos os días)** | **DIARIO (nunha libreta ou caderno, facer todos os días):**<br>- Observar o calendario e arrodear o día no que nos atopamos (contar cantos días faltan para que remate o mes, mirar o número anterior e posterior…).<br>- Escribir o día da semana (luns, martes…), o número de día (23, 24…), o mes (marzo, abril) e o ano na páxina do caderno e que o neno/a observe como o facemos.<br>- O neno/a escribe a data empregando só números (por exemplo: 27-3-2020). Os nenos e nenas de 5 anos poden cubrir a proposta de cadro que aparece nas recomendacións enviadas o martes 17.<br>- Observar pola venta o tempo e debuxalo no mesmo folio da data.<br>- **Como me sinto hoxe?** Expresar como se sente e debuxarse a si mesmo/a con esa expresión facial. | | | | |
| **LECTO-ESCRITURA** | Ficha nº 1 do pdf Actividades letras. Escribir o nome propio. Xogar a pensar palabras que comecen pola inicial do nome do neno/a. Escribilas e que o neno/a debuxe ao lado de cada palabra o referente. | | Ficha nº 2 do pdf Actividades letras. Debuxar a varios compañeir@s da aula e escribir os seus nomes. | | Ficha nº 3 do pdf Actividades letras. Actividade sobre a letra A. |
| **LÓXICA-MATEMÁTICAS** | | Poñer tres vasos iguais e verter auga en diferentes proporcións. Facer preguntas: | | Experimentar os conceptos arriba-abaixo | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | - Cal está cheo?<br>- Cal está baleiro?<br>- Cal ten máis? Cal menos?<br>Deixar que o neno/a experimente a capacidade de diferentes recipientes e faga trasvases duns a outros. | | empregando bonecos para poñelos enriba-debaixo dunha cadeira, dunha mesa, do sofá, …<br>Debuxarse a si mesmo encima dunha mesa e logo debaixo da cama.<br>**Ficha nº 1 Plástica** para traballar arriba-abaixo e ordenar o creabacabezas. | |
| **CONTO DIARIO** | Coronaconto no **enlace 1***<br>Preguntar:<br>- Onde ocorre o conto?<br>- Que animais aparecen?...<br>Unha vez visto, tentar facer o | **Visionado do videoconto *Vacío* de Anna Llenas* (enlace 2 abaixo)**<br>- Relatar o conto ao tempo que o vemos<br>- Pensar por que Julia tiña ese buraco<br>- Traballar as expresións e emocións que sente Julia | O neno/a elixe un conto e deixamos que nolo conte libremente. Ao rematar podemos proporlle que nos faga preguntas. | **Visionado do videoconto Un gato na árbore* (enlace 3)**<br>Una vez visto, xogar a recordar:<br>-Quen subiu primeiro?<br>- Quen subiu de último? | Lectura dun conto elixido polo neno/a. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | cadrado con papiroflexia. | - Pensar un final para o conto<br>- Crear a Julia empregando un anaco de cartón cun burato<br>- Traballar a motricidade fina poñendo diversos recipientes e diferentes tapóns e xogar a atopar o correspondente a cada un. | | - Quen está arriba?<br>- Quen está abaixo?<br>- Quen sente medo? | |

*ENLACE 1: Vídeo do Coronaconto https://www.youtube.com/watch?v=BjeWw1uadzs

*ENLACE 2: Videoconto *Vacío* de Anna Llenas https://www.youtube.com/watch?v=bBVF3iZsyL4

*ENLACE 3: Videoconto *Un gato na árbore* https://www.youtube.com/watch?v=WmOkddAHZi8

| SEMANA 6 ao 10 abril | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| **CALENDARIO (Para realizar todos os días)** | **DIARIO (nunha libreta ou caderno, facer todos os días):**<br>- Observar o calendario e arrodear o día no que nos atopamos (contar cantos días faltan para que remate o mes, mirar o número anterior e posterior…).<br>- Escribir o día da semana (luns, martes…), o número de día (23, 24…), o mes (marzo, abril) e o ano na páxina do caderno e que o neno/a observe como o facemos.<br>- O neno/a escribe a data empregando só números (por exemplo: 27-3-2020). Os nenos e nenas de 5 anos poden cubrir a proposta de cadro que aparece nas recomendacións enviadas o martes 17.<br>- Observar pola venta o tempo e debuxalo no mesmo folio da data.<br>- **Como me sinto hoxe?** Expresar como se sente e debuxarse a si mesmo/a con esa expresión facial. | | | | |
| **LECTO-ESCRITURA** | | Escribir o nome propio e tratar de escribir o nome dos membros da familia (se é preciso, imos pronunciándolle esaxerando os fonemas). Pode acompañalo de debuxos de cada un. | | **Ficha nº 4 do pdf Actividades letras.** Recoñecemento do E e O. | |
| **LÓXICA-MATEMÁTICAS** | Contar diferentes tipos de froitas que teñamos na casa e nun papeliño poñer ao lado o número. | | **Ficha nº 2 de Números e cantidades.** Orde temporal do ciclo vital das aves. | | Poñer diferentes cantidades de obxectos para que o neno/a os conte. **Ficha nº 3 e 4 do pdf** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **Ficha nº 1 do pdf** *Números e cantidades* | | | | **Números e cantidades** |
| **CONTO DIARIO** | Contar e dramatizar o conto dos *Tres Porquiños*. Se o tedes na casa, está tamén dispoñible no enlace 1. | Lectura dun conto elixido libremente polo neno/a e despois de lelo, debuxar aos protagonistas. | Lectura do conto *O patiño feo* (enlace 2).<br>- Que emocións sente o patiño?<br>- Facemos patiños empregando a plastilina. | **Escoitamos o conto cantado de *Paco Papán*** (enlace 3). Despois debuxar a Paco e escribir o título do conto. | Deixar que o neno/a elixa un conto e nolo conte como el/ela queira. |

*ENLACE 1: Videoconto Los tres cerditos: https://www.youtube.com/watch?v=ShypI8IYy0g

*ENLACE 2: Videoconto O patiño feo: https://www.youtube.com/watch?v=kmEpYhs3CIc

*ENLACE 3: Videoconto de Paco Papán: https://www.youtube.com/watch?v=oHCnR04a0KU

*Recordade, son propostas flexibles e totalmente opcionais.*



# ACTIVIDADES LETRAS

# ACTIVIDADES LETRAS

## FICHA Nº 1: ACTIVIDADES LETRAS

ESCRIBE O TEU NOME. PENSA PALABRAS QUE COMECEN POLA TÚA LETRA INICIAL E DEBÚXAAS.

**FICHA Nº 2: ACTIVIDADES LETRAS**

DEBUXA A TRES OU CATRO COMPAÑEIROS/AS DA TÚA AULA E ESCRIBE DEBAIXO OS SEUS NOMES.

**FICHA Nº 3: ACTIVIDADES LETRAS**

RODEA E DESPOIS COLOREA OS DEBUXOS QUE COMECEN POLA LETRA **A**.


















**FICHA Nº 4: ACTIVIDADES LETRAS**

RODEA SEGUINDO O CÓDIGO.




A E I O U

U O I E A

I A U O E

U E A I O

A U I O E

O I E A U



# ACTIVIDADE PLÁSTICA

**FICHA Nº 1 ACTIVIDADES PLÁSTICAS**

RECORTA AS TRES PARTES DO CREABACABEZAS. ORDÉNAAS E PÉGAAS DE NOVO PARA VER O CROCODILO COMPLETO.





# NÚMEROS E CANTIDADES

**FICHA Nº 1: NÚMEROS E CANTIDADES**

1.- CONTA O NÚMERO DE CANICAS DE CADA BOLSA E ESCRIBE O NÚMERO NO CADRO.

2.- DEBUXA E COLOREA 4 CANICAS NA BOLSA VALEIRA.



**FICHA Nº 2: NÚMEROS E CANTIDADES**

RECORTA AS IMAXES DA PARTE DE ABAIXO E ORDENA A SECUENCIA DE NACEMENTO DUN POLIÑO.

| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |



**FICHA Nº 3: NÚMEROS E CANTIDADES**

CONTA OS OBXECTOS E PINTA O NÚMERO QUE CORRESPONDE Á CANTIDADE.



2 3 4



3 4 5



4 5 6



2 3 4



1 2 3



5 6 7



6 7 8



1 2 3



3 4 5



1 2 3

**FICHA Nº 4: NÚMEROS E CANTIDADES**

RODEA O NÚMERO CORRECTO SEGUNDO A CANTIDADE E LOGO COLOREA OS DEBUXOS.



1 2 3 4 5



1 2 3 4 5



1 2 3 4 5



1 2 3 4 5



# REPASAR GRAFÍAS DE LETRAS

REPASA CON LAPIS E LOGO CON ROTULADOR A GRAFÍA DAS LETRAS.

ZAPATO







beruscka2310@gmail.com / 2015



**AVIÓN**





# E



ELEFANTE

E E E E E

E E E E E

E E E E E

E E E E E

beruscka2310@gmail.com / 2015

**HELICÓPTERO**







TOMATE







F

FOCA



F F F F F

F F F F F

F F F F F

F F F F F

beruscka2310@gmail.com / 2015

DADO







beruscka2310@gmail.com / 2015

**NUBE**







# UVAS







PATO

P



P P P P P

P P P P P

P P P P P

P P P P P

beruscka2310@gmail.com / 2015

# S

SAPO





beruscka2310@gmail.com / 2015



# PROPOSTAS MUSICAIS

## ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN MUSICAL PARA EDUCACIÓN INFANTIL

- **Canción: Veo-veo "Instrumentos musicales" (**actividade para repasar nombres de instrumentos musicales)
  https://www.youtube.com/watch?v=lrdTtalvaS4

- **Cantiga: "Dime que fixeches e onde estiveches"**
  https://www.youtube.com/watch?v=4jtbAyVC7A0&feature=emb_rel_pause

- **Actividade de movimiento: Preprimary grado 1 Royal Ballet** (intentar repetir os movementos o máis parecido que se poida)

  https://www.youtube.com/watch?v=UHi7bVThQ7U

  https://www.youtube.com/watch?v=3Y-GaUSi6zQ

  https://www.youtube.com/watch?v=7aW12PQ_dMY



# RECURSOS NA REDE

**Recursos educativos na rede para Infantil:**

Editorial Anaya: https://www.algaida.es/campusdigitalinfantil/ Neste enlace atoparedes o Campus Dixital Infantil con actividades online estruturadas por idades.

Aulas Galegas: http://aulasgalegas.org/ Este blog realiza unha ou varias publicacións diarias con propostas educativas a realizar cos máis pequenos da casa.

Aula PT: https://www.aulapt.org/infantil-2/infantil/Neste espazo atoparedes unha categoría dedicada a Infantil onde se recompilan materiais imprimibles para traballar conceptos básicos, conceptos matemáticos…

Arbolabc: https://arbolabc.com/ Nesta web recóllense xogos multimedia para traballar as letras, os números ou o inglés.

Orientación Andújar: https://www.orientacionandujar.es/ Este espazo pon a disposición dos usuarios propostas interesantes. Premendo no botón "Categorías" poderedes acceder a recursos para traballar a motricidade e a atención.

Espazo Abalar: https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/espazos/recursos Repositorio de actividades da Consellería de Educación. Entrando neste enlace que vos proporcionamos atoparedes na marxe dereita xogos para poder descárgalos.

Kalandraka TV: http://www.kalandraka.tv/gl/index.php Non poden faltar os contos así que na dirección de Kalandraka TV atoparedes videocontos que permitirán coñecer as historias máis recentes publicadas pola editorial galega.

Salón do libro de Pontevedra: https://www.salondolibro.gal/salon-virtual/ Neste enlace teredes acceso a diferentes propostas do Salón do Libro de Pontevedra onde, a través da súa mascota, Orbil, os cativos accederán a diferentes propostas educativas.

Manualidades: https://www.pequeocio.com/ Neste espazo poderedes atopar propstas de manualidades variadas para facer en familia.